

ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXP. Nº _____

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO
--------------	------------------------

D/Dª _____, con DNI nº _____, en nome e representación da entidade _____, con NIF/CIF nº _____, en calidade de _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS (1)	
					SI	NON

(1) Indicar cun X o que proceda

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA	AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS (1)	
					SI	NON

(1) Indicar cun X o que proceda

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____.

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO CONCILIACION DA VIDA LABORAL E FAMILIAR: INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN: <input type="checkbox"/> AXUDAS REINCORPORACIÓN: PROCESOS DE MATERNIDADE - PATERNIDADE. <input type="checkbox"/> CONTRATOS DE INTERINIDADE: EXCEDENCIA OU REDUCCIÓN XORNADA PARA O COIDADADO DE FAMILIARES.	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS344D	DOCUMENTO AUTORIZACIÓN
--	---	--------------------------------------

D/DP	DNI
EN NOME E REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE	NIF/CIF
EN CALIDADE DE	

AUTORIZO:

A Dirección Xeral de Promoción do Emprego para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200 ____.

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

ANEXO V

EXPEDIENTE

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
ENDEREZO			
LOCALIDADE (INDICAR CP)		TELÉFONO	
DATOS DA CONTA			
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO DA CONTA
BANCO			
ENDEREZO	CP	LOCALIDADE	

CERTIFICO:
Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, ____ de _____ de _____ de 200 ____.

SINATURA DO SOLICITANTE SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Orde do 17 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade cofinanciados polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29.1º, atribúelle á comunidade autónoma, en concordancia co artigo 149.1º.7 da Constitución española, competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

No título VII da Lei 13/1982, de integración social dos minusválidos, establécese como finalidade primordial da política de emprego de traballadores minusválidos, a súa integración no sistema ordinario de traballo ou, no seu defecto, a súa incorporación ao sistema produtivo mediante fórmulas especiais de traballo protexido, como son os centros especiais de emprego; tamén, como fórmula alternativa ao traballo por conta allea, o autoemprego constitúe un elemento eficaz para a inserción socioprofesional das persoas con discapacidade.

De conformidade co Decreto 168/1984, do 15 de novembro, de asunción de funcións e servizos, correspóndelle á comunidade autónoma a xestión de calquera tipo de axudas, subvencións e préstamos que realizaba a Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo. Así mesmo, mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego (Inem) no ámbito do traballo, o emprego e a formación. Segundo o disposto no Decreto 301/2004, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, correspóndelle a esta o exercicio das anteriores competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Consonte co anterior, correspóndelle a esta consellería a regulación específica, a convocatoria, a xestión e o control das axudas e subvencións á contratación indefinida de traballadores con discapacidade, reguladas no Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, e na Orde do 13 de abril de 1994, que desenvolve o capítulo II do mencionado real decreto, no Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade, e das axudas e subvencións para a integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego ou como traballadores autónomos ou por conta propia, segundo a disposición adicional terceira da orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de outubro de 1998.

O acceso ao emprego é un elemento decisivo para a integración das persoas con discapacidade na eco-

nomía e na sociedade nun sentido amplo. A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, en concordancia co desenvolvemento doutras medidas no ámbito social e, na execución das políticas activas de emprego, establece accións específicas para a inserción deste colectivo, que teñen por obxecto a mellora da súa empregabilidade e, coordinadamente, o establecemento de medidas para a súa inserción normalizada no mercado de traballo.

Esta orde constitúe o marco normativo no que se agrupan os programas que teñen por obxecto establecer incentivos para a creación de emprego das persoas con discapacidade, coa finalidade de dar unha visión integral e coherente do apoio á integración laboral deste colectivo, regulando nos seus anexos A, B e C, respectivamente, os programas de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de promoción do seu emprego autónomo.

No Programa de fomento da contratación indefinida das persoas con discapacidade na empresa ordinaria para avanzar na estratexia dirixida a promover a integración laboral das persoas con discapacidade en Galicia, mantéñense os incentivos autonómicos adicionais, co obxecto de incidir máis favorablemente no emprego das mulleres con discapacidade e daquelas persoas con discapacidades máis severas e, así mesmo, co obxecto de potenciar o tránsito ao emprego ordinario mantense a posibilidade de acceso aos beneficios previstos neste programa, ademais das persoas con discapacidade desempregadas, aos traballadores procedentes de centros especiais de emprego.

Así mesmo, coa finalidade de lograr a maior integración dos traballadores con discapacidade que, polo seu grao ou pola súa discapacidade, presenten especiais dificultades para o acceso ao mercado ordinario de traballo, e facilitar a transición desde o emprego protexido nos centros especiais de emprego ao emprego ordinario, nesta orde inclúense os incentivos no suposto de contratación pola empresa colaboradora dos traballadores con discapacidade dos enclaves laborais, segundo o previsto no Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro.

No Programa de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego establécese un novo procedemento de presentación de solicitudes de subvención ao custo salarial, para axilizar a tramitación e o pagamento das axudas ao mantemento destes centros. O beneficiario deberá presentar unha soa solicitude por todas as mensuralidades do ano natural, e unha vez emitida a resolución efectuaranse os pagamentos parciais, a medida que se xustifique.

No Programa de promoción do emprego autónomo das persoas con discapacidade introdúcese unha nova axuda para o financiamento dos primeiros gastos, a súa contía terá un incremento cando a actividade empresarial se desenvolva nun concello rural.